

**Expediente núm.:** 1606/2024

**Procedemento:** Actividades ou Cursos OMIX (Organización ou Inscripción)

**Data de iniciación:** 30/10/2024

## **BASES DO SORTEO "NADAL NO PETO"**

### **Concello de Soutomaíor 2024-2025**

#### **1.- Obxecto.**

O Concello de Soutomaíor, a través da concellería de Promoción Económica, dentro da campaña EU QUERO LOCAL da programación do Nadal 2024/2025, organiza o sorteo de "**Nadal no Peto**" dirixido a negocios comerciais e de hostalaría situados no termo municipal do Concello de Soutomaíor.

O obxecto deste sorteo é fomentar o consumo local para contribuír á promoción e dinamización económica do municipio entregando vales ás persoas que merquen en Soutomaíor durante a campaña de Nadal 2024/2025.

A información sobre esta iniciativa pode solicitarse na Casa do Concello, situada na R/Alexandre Bóveda 13. Teléfono 986705106 ou ben mediante o correo electrónico: [comercio@soutomaíor.gal](mailto:comercio@soutomaíor.gal)

#### **2.- Ámbito Territorial.**

O ámbito territorial deste sorteo será todos os negocios comerciais e de hostalaría do termo municipal de Soutomaíor, agás as cadeas de supermercados.

#### **3.- Condicións para participar.**

Poderán participar no sorteo do **NADAL NO PETO toda persoa MAIOR DE IDADE que realice unha ou varias compras por valor mínimo de 20€** nun negocio comercial ou hostaleiro de Soutomaíor. Compras realizadas entre os días do **4 de decembro de 2024 e 6 de xaneiro de 2025, ambos incluídos.**

Os **tickets de compra deberán ser grampados á tarxeta específica do sorteo para depositala nalgún dos *buzóns*** localizados na Casa do Concello, Biblioteca Municipal e Centro municipal de maiores (situado na Alameda de Talo Río en Arcade).

As tarxetas estarán dispoñibles nos negocios comerciais e establecementos de hostalaría do municipio de Soutomaíor e deberán ser cumprimentados cos seguintes datos (nome e apelidos, DNI, teléfono e procedencia da persoa participante).

#### **4.- Premios.**



A iniciativa Nadal no Peto, estará dotada de **1.500,00€ repartidos en quince premios de 100 euros cada un.**

Todos os premios gastaranse nos negocios comerciais e de hostalería, agás nas cadeas de supermercados.

Os premios do NADAL NO PETO serán nominativos e soamente optarase a un premio por persoa.

### **5.- Sorteio.**

O sorteio do Nadal no Peto realizarase o día venres 10 de xaneiro de 2025, ás 11:30h da mañá na Casa do Concello.

Mecánica do sorteio:

- Escollerase ao azar, e por unha man inocente en presenza dun funcionario/a municipal sacaranse 15 tarxetas.
- Primeiro sacaranse as 15 premiadas con 100€, e posteriormente sacaranse as papeletas para as 5 persoas de reserva.
- As persoas de reserva, formarán unha lista por orde de saída, por se ocorrera que algunha das persoas agraciadas non cumprira cos requisitos.

Os premios deberán ser investidos en compras nos negocios comerciais e de hostalería local de Soutomaior (agás supermercados grandes) no prazo comprendido entre o día do sorteio ata o 31 de marzo de 2025. Comunicaremos o procedemento a seguir ás persoas premiadas tras recibir o premio.

Os premios non poderán ser obxecto de cambio, cesión ou compensación en metálico.

### **6.- Comunicación á persoa gañadora.**

A organización chamará ao teléfono indicado na tarxeta para poñerse en contacto coa persoa premiada. Esta información publicárase na páxina Web oficial do Concello de Soutomaior ([www.soutomaior.gal](http://www.soutomaior.gal)) e nas redes sociais.

Si en tres días non se consegue ter contacto coa persoa agraciada pasarase a persoa de reserva.

Para acreditar que se cumpran os requisitos deberase presentar o DNI.

### **7.- Protección de datos.**

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable do Tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE SOUTOMAIOR, con enderezo en rúa Alexandre Bóveda 13, 36691 SOUTOMAIOR (PONTEVEDRA).

Os datos serán utilizados para comunicarnos coas persoas gañadoras e para a xestión administrativa do sorteio, con posterioridade serán destruídos ao remate



do mesmo. Os datos non se cederán a terceiros/as, agás por obriga legal. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento e solicitar a potabilidade dos mesmos en calquera momento. Para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: [oficinas@soutomaior.gal](mailto:oficinas@soutomaior.gal)

## **7.- Aceptación de bases.**

As persoas participantes aceptan as presentes bases e o criterio da organización na resolución de calquera cuestión derivada da campaña "Nadal no Peto", polo mero feito de participar na mesma.

### **Dilixencia:**

*Para facer constar que as presentes bases foron aprobadas por Xunta de Goberno Local de data 19 de novembro de 2024.*

*A SECRETARIA*

*María Jesús Rodríguez Freire*

*Documento asinado electronicamente.*

